



Fernando  
Dacosta

# mpatías

EDICIÓN S

*la i o v e n t o*  
**LA IOVENTO**

*Narrativa*

## Fernando Dacosta



Fernando Dacosta é actor, director teatral, dramaturgo e docente. É membro de Sarabela Teatro, director da Aula de Teatro do Campus de Ourense e da MITEU e foi director da MOTI. Licenciouse en Filoloxía pola USC e é Doutor en Linguas modernas e Literaturas comparadas pola UEX. A súa tese investiga 25 anos de teatro universitario galego. Na actualidade é profesor asociado no Campus de Ourense.

Escrebe as dramaturxias das súas montaxes e ten diversas publicacións de textos e estudos teatrais. Foi premio FETEN á mellor escrita por *Tics* (obra colectiva) e premio María Casares á mellor adaptación (con Gonçalo Guerreiro) por *A lingua das bolboretas*.

Recibe diversos premios honoríficos como o Premio da Cultura de Galicia (con Sarabela) e María Casares (coa Aula de Teatro Universitaria do Campus de Ourense), e polas súas interpretacións recibiu premios María Casares, Compostela ou FETEN.

Curriculum amplo:  
<http://ignatiusrei.blogspot.com>

## Día

Erguinme ás 6.57 dun xoves. Ese día recibín dous ou tres golpes que me fixeron chorar. Sentín como o aire enchía os meus pulmóns despois dun sono estremadamente profundo e lancei uns pequenos berros. Iso, seica, foi o meu choro.

Tomei o almorzo succionando leite quente e doce apegado á maior das tranquilidades. Por veces soltábame da taza, pero de seguida un pequeno empurrón facía que seguise succionando o rico alimento.

Bañeime chapeleando na auga, cun libro apropiado para a ocasión que non se estragaba. Coa auga do cu mollamos a cara para que nos libre Deus dunha mala ollada.

Saín dar unha volta polo bosque cercano á casa. Había grandes animais voadores e outros reptadores. Non debía tocar algúns porque parece ser que podían picar, morder ou facer algún mal indefinido. Adentreime entre follas de árbores que non deixaban ver a totalidade do ceo, que mitigaban o sol dándolle diversas formas á súa luz e que daban un frescor agradable. Tamén atenuaban a chuvia para que non me mollase. Despraceime nun vehículo cunha roda diante e dúas detrás. Cheguei a coller velocidade. Debín estar máis tempo do que pensaba de paseo, pois ao voltar a herba era máis pequena, os grandes animais apenas insectos e as árbores podían subirse facilmente.

Ese día tamén tiven que ir ao médico. O doutor levaba un estetoscopio moi gracioso cun elefante pegado. Pinchoume varias veces en brazos e nádegas, escoitou o meu corazón, medíume e pesoume. Eu pechei os ollos mentres facía todo iso e cando sentín que rematara estaba diante de min unha médica amable que me deu vitaminas.

Entreí pola gran boca dun dragón de varios ollos que tragaba nenas e nenos.

Alí tiven que estar sentado a maioría do tempo que pasei no seu interior e escoitaba cousas, algunhas interesantes e divertidas, outras aburridas e sen interese ningún pero que había que repetir varias veces. Moitas veces, incluso. Aprendín a relacionar certas cousas, a evadirme en determinados momentos e a concentrarme outras veces. Tanto me concentrei dunha volta que conseguín ver que as tripas do dragón eran teitos, portas e pizarras e que o dragón se convertera nun edificio, e despois noutro, e despois noutro. Eses edificios tiñan patio onde respirar e poder estar con outras persoas coma min.

Aprendín a rir con ganas. Aprendín a escoitar e a falar. Tamén chorei, claro.

Á hora do xantar, comín un gran prato de pasta e boteille moitas salsas. Hidratos e proteínas é o que precisaba. Cando comecei non lle chegaba cos pés ao chan pero comín tanto que, ao rematar, case tiña que curvarme un pouco para que non me caese o iogur da sobremesa.

Despois da comida tiven que ir ao traballo. Atendín varias terrazas de locais, despois escribín, despois fun dar clases e despois soltei canto sabía nun exame e puideren estar no mostrador dunha biblioteca de tamaño non moi grande.

Nos tempos libres, cando non traballaba, adquirín moitos coñecementos. Algúns servíronme para a vida, outros para os soños, outros para soltalos na primeira ocasión que tivese polo váter.

Ao saír de traballar quedei coas amigas e os amigos. Rimos, saltamos, empurrámonos, contámonos moitas cousas, merendamos, falamos de problemas que ían xurdindo, algunha vez anoxámonos, démonos a man, entendímonos en silencio, botámonos en falta se alguén tiña que marchar.

Sen preparación previa coñecín unha persoa que fixo que pensase nela todo o tempo. Os seus ollos, o seu sorriso, as súas mans, o seu xeito de camiñar encheron o que fora o meu

día ata ese momento. Biquei a esa persoa. E ela tamén me bicou. Decidimos ir para a mesma casa.

Recibín unha chamada: mamá morreu. Preparei o enterro coa miña familia. Despedinme. Quedoume un oco tan grande que non se pechou. Encheuse doutro material para poder andar sobre el, pero non está firme. Tamén recibín a chamada de que marchara para sempre un amigo. Había tempo que non o vía, pero, no recuerdo, presentouse diante de min tal e como era.

Esta parte do día non cheguei a comprendela totalmente porque, aínda que sabía que acontecería, seguía coa necesidade de completar as tarefas diarias que se me supuñan e non me detiven o suficiente. En fin.

A casa á que cheguei coa miña parella era moi agradable. A parte de atrás daba a unha pequena finca pola que pasaba un regato. Escoitábanse paxaros e o rumor das árbores. Pola parte de diante o que se oía era o tráfico, pero tampouco era moito.

Había varios cuartos nesa casa. Empecei a pintar un deles e púxenlle un berce. Seguí pintando e colocando cortinas. Cando volví mirar o berce había unha nena. Puxen lámpadas e unha alfombra. Cando mirei outra volta había outro berce. A nena camiñaba, e era un neno o que estaba no rolo. Isto repetiuse unha vez máis. Nena e neno camiñando e unha nova nena no berce. Fun ao estudo para mandar un correo electrónico. Cando volví os nenos saíran dar unha volta, foran ao bosque que resultou ser un xardín, foran ao dragón que parecía papar nenos e tamén se decatara de que era un edificio, e logo foran ao traballo. Pero, de cando en vez, volvían ao cuarto da casa e iso facía que me sentise moi ben.

Chegou a hora da cea. Custoume algo sentar, unhas molestias nas costas, nos riles, nas pernas, nos brazos, nos dentes, pero a cea estaba rica e comín. Xa non había tanta proteína nin hidratos, comemos unha boa ensalada.

Tras a cea fomos dar un paseo. As follas das árbores caían, e había vento, pero non era frío. O camiño entre as árbores era estreito. Non vin unha raíz que sobresaía e caín. Doeume.

Leváronme ao médico fóra de horas, chamáronlle urxencia. Tardaron moito tempo en atenderme e logo tiveron que estar na cama movéndome moi pouco, ata para as miñas necesidades. Foi incómodo.

Por fin deixaron que saíse dese lugar e ao chegar á casa volví a haber nenos no berce, eran fillos dos primeiros que ocuparan aqueles mesmos berces. Unha alegría. Custoume collelos no colo, pero conseguino. E varias veces. Que lindos sorrisos. E que estrondosos berros, por favor, un pouco de calma, hai que descansar. Pero que lindas e que lindos que son.

O día pareceu longo, pero, cando estou a piques de entrar na cama, penso que realmente foi curto. Demasiado curto. Que queda moito por dicir e moito por facer e moito por amar e moito por coñecer. Pero o sono é grande.

Déitome ás 23.57 dun xoves. E durmo. E non esperto máis.

## Empatía 1

—Ponte no meu lugar, díxolle.

Fíxoo.

E odiouno para sempre.

## ÍNDICE

Día.....	9
Empatía 1 .....	13
Raia.....	15
Empatía 2 .....	27
Duna .....	29
Empatía 3 .....	43
Mañá.....	45
Empatía 4 .....	49
Medo.....	51
Empatía 5 .....	55
Confesións .....	57
Empatía 6 .....	67
Guerreiras.....	69
Empatía 7 .....	73
Tarde.....	75
Empatía 8 .....	79
Luns.....	81
Empatía 9 .....	97
Pechadura .....	99
Empatía 10 .....	103
Olladas.....	105
Empatía 11 .....	109
Noite.....	111
Empatía 12.....	113